

A polilla do tomate (*Tuta absoluta*)

Esta nova praga apareceu no Levante español en 2007.

É de orixe sudamericano, onde está amplamente implantada, sendo a principal praga do tomate neste subcontinente.

Dende a súa aparición en Castellón, en pouco tempo estendeuse por practicamente todas as Comunidades Autónomas, sendo observada na nosa comunidade no verán de 2009.

As especies afectadas son as solanáceas, preferentemente tomate, e tamén berenxena e pataca; tamén pode vivir en solanáceas silvestres (tomatiños).

Descrición

É unha pequena polilla. A mariposa adulta mide 7-10 mm, ten coloración castaño escuro con punteaduras grisáceas. As femias poñen os ovos nas follas, froitos ou ramos; en canto eclosionan as larvas, penetran inmediatamente dentro do órgano vexetal, formando galerías nas que vai completando o seu ciclo vital, ata que sae ó exterior ó cabo de 25-35 días. A seguinte fase é converterse en pupa xa sea na propia planta ou no chan, e tamén en resquicios dos invernaoiros. Pasa neste estadio un tempo variable según as condicións atmosféricas, e por fin sae o adulto, pechándose o ciclo.

Danos

Nas follas aparecen galerías similares ás dos minadores (*Liriomyza* sp). Estas galerías van aumentando de tamaño a medida que a larva medra, podendo producirse a seca das follas atacadas. Tamén poden facer galerías nos brotes, aparecendo éste seco ou mustio. Os danos mais importantes prodúcense no ataque ós froitos sobre todo en tomate; as larvas producen orificios de entrada na zona do cáliz, e logo van creando galerías mais ou menos visibles. Estas galerías producen a depreciación dos froitos.



Medidas preventivas

- Nos invernadoiros colocar 1 trampa delta con feromona sexual para detectar a presenza de adultos de forma precoz; as capturas dan idea da intensidade do ataque:
 - < 3 capturas/semán : ataque baixo
 - 3-30 capturas/semán: ataque moderado
 - > 30 capturas/semán : ataque elevado
- Utilizar malla antiinsectos nos invernadoiros (vixiar que non se perxudique a ventilación)
- Limpar e eliminar calquera órgano vexetal con síntomas, así como os restos de podas, plantas secas, etc.
- Destruír os froitos afectados.
- Eliminar os restos do cultivo unha vez rematado o ciclo.
- Eliminar as solanáceas silvestres do entorno da explotación.
- Preparar o terreo con laboreo que permita enterrar e destruír as pupas.
- Adquirir planta con pasaporte fitosanitario.



trampa delta

Medidas de control fitosanitario

Ante a presenza da praga, adoptaránse medidas de control:

- Solta de organismos de control biolóxico como *Macrolophus caliginosus* e *Nesidiocoris tenuis*, que son depredadores de ovos da praga.
- Tratamento con produtos autorizados:
 - Bacillus thuringiensis
 - Spinosad
 - Indoxacarb
 - Azadiractín
- Alternar os tratamentos para evitar a aparición de resistencias da praga ós insecticidas.
- En caso de capturas elevadas, colocar trampas de auga con feromonas para capturas masivas (unha ou dúas por invernadoiro).



trampa de auga



Macrolophus caliginosus

En caso de observar síntomas, pónase en contacto cos servizos oficiais da Consellería do Medio Rural a través das Oficinas Agrarias Comarcais.